


DECRETO

Tras ver a proposta do deputado delegado da Subárea de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, a teor do seguinte texto:

"Por acordos da Xunta de Goberno de datas 14 e 28 de decembro do 2018, foron aprobadas a convocatoria e bases específicas que rexerán o proceso de selección para a creación dunha listaxe de AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL da Deputación Provincial de Lugo, para prestar servizos como funcionarios/as interinos/as, por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do RD Legislativo 5/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público ou no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores. Dita convocatoria e bases específicas publicáronse no Boletín Oficial da Provincia número 290, de 20 de decembro de 2018 e número 7 de 9 de xaneiro de 2019.

Realizado o proceso selectivo, o Tribunal formulou proposta de AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL da Deputación Provincial de Lugo na que se inclúen, por orde de puntuación, as aspirantes que superaron todas as probas selectivas, publicándose, no Taboleiro de Edictos e na páxina web da Deputación de Lugo, o día 27 de marzo de 2019.

Á vista do sinalado, propónse á Presidencia:

1º.- Que de conformidade co artigo 7 do RD 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedementos de selección dos funcionarios/as de Administración Local e co establecido na base xeral 11 e 14 das "bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos á Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota discapacitados)" publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 289 de 17 de decembro de 2015, aprobar a proposta do Tribunal Cualificador co contido seguinte:

Nº ORDE DA LISTA	APELIDOS E NOME	CUALIFICACIÓN FINAL
1º	FLORES LAMAS, ENRIQUE	48,300
2º	VILELA GÓMEZ, VANESA	44,182
3º	CORREDOIRA CEIDE, JESUS FRANCISCO	42,722
4º	CASTIÑEIRA MUIÑA, CESAR JOSÉ	41,000
5º	OTERO DÍAZ, LARA	38,950

2º.- Así mesmo, conforme ao determinado no punto anterior e de acordo coas Resolucións da Presidencia de 29 de setembro de 2009 (BOP número 231, de 8 de outubro de 2009), 16 de decembro de 2011 (BOP número 294, de 26 de decembro de 2011) e 14 de febreiro de 2019 (BOP número 39, de 15 de febreiro de 2019) nas que se establecen os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal temporal na Deputación, decida constituír a LISTAXE DE AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL DA DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO PARA PRESTAR SERVIZOS COMO FUNCIONARIOS/AS INTERINOS/AS POR CALQUERA DAS CIRCUNSTANCIAS PREVISTAS NO ARTIGO 10.1 DO RDL 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGO PÚBLICO OU NO ARTIGO 15 DO ESTATUTO DOS TRABALLADORES, cos aspirantes incluídos na proposta do Tribunal cualificador, coa orde establecida na mencionada proposta e co contido que se relaciona no punto anterior.

Código Seguro de Verificación	IV6T4YCMQZS3GG4SEOXIT7EN4	Fecha	03/04/2019 13:24:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmante	PABLO RIVERA CAJON (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto Nº 402, de 24-02-2017))		
Uri de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo//code/IV6T4YCMQZS3GG4SEOXIT7EN4	Página:	1/2



O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 4/4/2019
ata a día 24/4/2019
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA DE VIXIANCIA

A presente listaxe terá vixencia dende a data de aprobación da presente proposta, publicándose na páxina web e no Taboleiro de Edictos da Entidade.

A incorporación á prestación de servizos realizarase seguindo os criterios establecidos nas Resolucións da Presidencia de 29 de setembro de 2009 (BOP número 231, de 8 de outubro de 2009), 16 de decembro de 2011 (BOP número 294, de 26 de decembro de 2011) e 14 de febreiro de 2019 (BOP número 39, de 15 de febreiro de 2019) procedéndose ao nomeamento unha vez que os aspirantes acepten o ofrecemento e acrediten os requisitos establecidos no punto 13.1 das Bases Xerais que rexen a convocatoria”.

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

O PRESIDENTE,

P.D. Decreto nº 402, de 24-02-2017

O DEPUTADO PROVINCIAL,

A SECRETARIA,

Asdo: Pablo Rivera Capón

Código Seguro de Verificación	IV6T4YCMLQZS3GG4SEOXIT7EN4	Fecha	03/04/2019 13:24:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmante	PABLO RIVERA CAPON (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto N° 402, de 24-02-2017))		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV6T4YCMLQZS3GG4SEOXIT7EN4	Página	2/2

